

Á MESA DO PARLAMENTO

Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández, Eva Solla Fernández, Xosé Manuel Beiras Torrado, Juan Manuel Fajardo Recouso e Antón Sánchez García, deputados e deputada do Grupo Parlamentario da **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao dereito de retracto exercido pola Xunta de Galicia e a conseguinte compra de accións da planta de Gas de Reganosa.

Os sucesivos Gobernos do Partido Popular en Galicia levan anos protagonizando episodios políticos máis propios dunha novela negra que dun Goberno democrático. O caso da planta de Gas de Reganosa na Ría de Ferrol é sen dúbida un dos casos máis chamativos, polo seu grado de corrupción e polo perigo que implica para a veciñanza da contorna.

Un perigo evidente que se ve agravado polo tránsito de grandes buques gaseiros por unha ría que foi preciso dragar de xeito ilegal e que se atopa rodeada por un importante número de núcleos poboacionais, que en caso de accidente correrían un serio risco.

Por todos estes motivos a veciñanza de Ferrolterra tense organizado en torno ao Comité Cidadán de Emerxencia para denunciar a instalación dunha Planta de Gas situada a escasa distancia dun complexo petroquímico e lindante coas vivendas do núcleo poboacional de Mehá.

Reganosa incumpre numerosas normativas municipais, estatais e europeas. Numerosas sentenzas xudiciais teñen sancionado a instalación desta Planta de Gas no interior da ría de Ferrol, mais esta instalación conta coa complicidade e coa protección dos Gobernos do partido Popular. Non en van Reganosa foi un dos elos da cadea de favores coas que o Partido Popular favoreceu a familia Tojeiro, desbotando a instalación desta planta no porto exterior e, polo tanto, lonxe da poboación.

Os días 28 e 29 de marzo de 2016, a Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo ditou sentenzas, que, en sínteses, anulan a Resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas de 3 de xuño de 2002 que outorgaba a REGANOSA a autorización administrativa previa para a instalación da citada planta de recepción, almacenamento e regasificación de GNL e a Resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas de 13 de febreiro de 2004 relativa ao seu proxecto de execución das instalacións respectivamente.

A citada sentenza de 28 de marzo de 2016 fundamenta a anulación acordada na consideración de que, tanto ao solicitarse como ao outorgarse a autorización, non existía un instrumento de ordenación urbanística suficiente que outorgase respaldo ao emprazamento elixido para a instalación e sinala expresamente que, como consecuencia de dita anulación, REGANOSA debería formular nova solicitude de autorización, “que haberá de ser examinada atendendo aos datos concorrentes e ao réxime xurídico existente no momento da súa presentación”.

A referencia ao réxime xurídico vixente concrétese na aplicación das previsións contidas, entre outras normas, na Lei 34/1998, de 7 de outubro, do sector de hidrocarburos e no Real Decreto 1434/2002, de 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro

e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, e implica, xa que logo, a avaliación do proxecto conforme ao establecido na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, con carácter previo ao outorgamento dunha nova autorización administrativa previa e dunha nova aprobación do proxecto de execución.

Trátase, xa que logo, dunha cuestión resolta xudicialmente e sobre a que o Goberno non pode de ningún xeito pronunciarse. A exclusión con carácter excepcional do trámite de avaliación ambiental do procedemento ordinario de autorización dun proxecto, en principio suxeito a devandito trámite, como é o caso da planta de gas de REGANOSA, é ademais unha decisión que excede por completo das competencias dun Goberno en Funcións.

Esta importante sentenza viuse complementada por un novo golpe xudicial a Reganosa, emitido neste caso o 25 de abril de 2016 polo Tribunal Supremo quen declaraba nulas as autorizacións de Instalación da Planta de gas de Reganosa, como consecuencia da anulación neste caso, do proxecto de execución autorizado no ano 2014 pola Dirección Xeral de Política enerxética e Minas. Dúas sentenzas pois consecutivas, que anulan a autorización administrativa e o proxecto de execución consecutivamente e que deixan ben clara a obriga de paralizar a actividade da planta gaseira de Ferrolterra.

O derradeiro capítulo desta trama escribíase o pasado 27 de maio, cando o Consello de Ministros do Goberno do Estado en funcións, tomaba o acordo de excluír da necesidade de pasar o trámite de avaliación ambiental a Reganosa, incumprindo claramente o artigo 8 Lei 21/2013, onde non se contempla como excepcións de avaliación ambiental, casos coma os dunha planta regasificadora. No caso de Reganosa dáse o agravante de que as autorizacións foron anuladas por sentenzas firmes do Supremo, producíndose unha violación manifesta da legalidade e da doutrina do Supremo e o Tribunal Constitucional.

Neste contexto, dentro deste previsible escenario xudicial e diante da inminente publicación das sentenzas citadas, o Goberno galego realizou unha das súas escuras e habituais manobras dirixidas a manter os privilexios das empresas e familias aíns.

A principios do mes de febreiro, e diante da intención de Gas Natural de vender as súas accións de Reganosa, a Xunta de Galicia e o Grupo Tojeiro exerceron o seu dereito de retracto facéndose de feito este último, co control da planta de gas de Ferrolterra.

Nesta operación, realizada na antesala da publicación da Sentenza que converte a Reganosa, na práctica, nunha planta ilegal, a Xunta de Galicia investiu 8,9 millóns de euros para pasar de posuír o 17,5% das accións, a ser o titular do 24,31% do accionariado.

O mesmo tempo o Grupo Tojeiro convertíase no accionista maioritario e titular do 50,69% das accións. Pechábase así un círculo iniciado a finais dos anos 90 polo entón presidente da Xunta, Manuel Fraga.

A Xunta favorecía o control do Grupo Tojeiro sobre Reganosa, unha planta de Gas instalada nuns terreos da propia familia Tojeiro a través dun verdadeiro pelotazo urbanístico, que pon en perigo a seguridade de milleiros de veciños da Ria de Ferrol e que por riba, implica un desbaldimento inxente de recursos públicos. Recordemos que Reganosa é unha planta deficitaria que pese a funcionar moi por baixo das súas capacidades, recibe 55 millóns de euros en base ao súa capacidade potencial de produción.

Resulta necesario que o Goberno galego aclare os motivos que guiaron a ampliación do seu capital accionarial nun contexto de evidente incerteza xurídica.

Por todo o exposto, o grupo parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta en Comisión:

1.^a) -Que motivos impulsaron a compra de accións da Planta de Gas de Reganosa por parte do Goberno galego diante do escenario de incerteza xurídica no que se atopa a gaseira de Ferrolterra?

2.^a) -Sendo coñecedor da inminente publicación das sentenzas referidas nesta iniciativa, porque exerceu o Goberno un dereito de retracto que pode ser tan prexudicial para os intereses e o diñeiro de todos os galegos e galegas?

3.^a) -En que condicións de negociación se produciu a compra de accións da Planta de Reganosa por parte da Xunta de Galicia?

4.^a) -Nun contexto de recorte masivo de recursos nos servizos públicos esenciais para o pobo galego, considera unha prioridade o Goberno da Xunta investir case 9 millóns de euros nunha planta deficitaria e na práctica ilegal como Reganosa?

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 13/06/2016 12:34:42

Jose Javier Ron Fernandez na data 13/06/2016 12:35:38



Eva Solla Fernández na data 13/06/2016 12:35:48

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 13/06/2016 12:35:54

Anton Sánchez García na data 13/06/2016 12:37:22

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 13/06/2016 12:37:26